

#### 1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO PARA A DINAMIZACION E REVITALIZACION DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E PRAZAS DE ABASTOS DE GALICIA, e se procede a súa convocatoria (código procedemento CO300A)

#### 2. FINALIDADE / OBXECTIVO

A DINAMIZACION E REVITALIZACION DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS DE GALICIA, e A DINAMIZACION E REXENERACION DAS PRAZAS DE ABASTOS

#### 3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIONS A FONDO PERDIDO EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA E SUXEITAS AO RÉXIME DE AXUDAS DE MINIMIS (non poderán exceder os límites cuantitativos-200.000 euros nun periodo de tres anos)

#### 4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

**1.-AS ASOCIACIONS DE VENDEDORES DAS PRAZAS DE ABASTOS, SEN ANIMO DE LUCRO**, QUE ESTEAN LEGALMENTE CONSTITUIDAS, E CUXO ÁMBITO DE ACTUACION SE DESENVOLVA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**2.-AS AGRUPACIONS DE PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS, COMUNIDADES DE BENS OU CALQUERA OUTRO TIPO DE UNIDADE ECONÓMICA** CONSTITUIDAS PARA OS UNICOS EFECTOS DE COMPARTIR A UNIDADE XERENCIAL PREVISTA NOS PUNTOS 3.1.1 F) E 3.1.2 F) DO ARTIGO 1º DA ORDE, E CUXO ÁMBITO DE ACTUACION SE DESENVOLVA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**3.-ASOCIACIONS DE COMERCIANTES DE CARÁCTER TERRITORIAL, SEN ANIMO DE LUCRO**, LEGALMENTE CONSTITUIDAS E CUXO ÁMBITO DE ACTUACION SE DESENVOLVA EN GALICIA **QUE LEVEN A CABO PROXECTOS DE INTERESE E TRANSCENDENCIA EN CENTROS COMERCIAIS ABERTOS**

\*TERÁN A CONSIDERACION DE **CENTROS COMERCIAIS ABERTOS AS AGRUPACIONS DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DEFINIDAS NO ARTIGO 24 DA LEI 13/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA**, QUE **CONTEN CUNHA UNIDADE DE XESTION PROFESIONALIZADA QUE DEBERÁ CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:**

-A unidade xerencial deberá ter contratada unha persoa física mediante un contrato laboral que en ningún caso poderá ser membro da asociación nin formar parte dos seus órganos de goberno, e que desenvolverá funcións de xestión, contabilidade, información e asesoramento aos comerciantes e dinamización do comercio.

-Prestar servizos de atención aos usuarios un mínimo diario de 6 horas en horario comercial

Ademáis, o CCA deberá cumprir polo menos catro dos seguintes cinco requisitos mínimos y en todo caso, haberá que cumprir o disposto no apartado c):

- a) Estar en Concellos con **poboación superior os 10.000 habitantes** dacordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas a 1 de Xaneiro do 2019.
- b) Dispoñer dun **grao de concentración comercial alto**, isto é, que no **espazo onde se desenvolve** debe haber polo **menos 100 comercios**;os cales deberán compartir unha sinal de identidade conxunto tanto a nivel urbanístico como comercial
- c) Contar como adheridos polo menos co 50% dos comercios existentes na súa delimitación territorial;
- d) Presentar unha **diversidade de oferta comercial**, con predominio da oferta especializada en equipamento persoal.
- e) Integrar os **principais eixes comerciais da vila**.

Non serán beneficiarias destas axudas as empresas en crise.

## 5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO.

## 6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

CONSIDÉRANSE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES AS RECOLLIDAS NA ORDE SEMPRE E CANDO ÉSTAS SEXAN REALIZADAS E EFECTIVAMENTE PAGADAS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2020 E A DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN (30 DE OUTUBRO DE 2020)

EN FUNCIÓN DA SÚA ESPECIAL NATUREZA, E POR TER UNHA CONTINUIDADE ININTERROMPIDA, TAMEN SE CONSIDERAN ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES AQUELAS ACTUACIÓNS REALIZADAS A PARTIR DO 1 DE NOVEMBRO DO 20198 ATA O 31 DE DECEMBRO DO 2019

**AS SOLICITUDES PRESENTARANSE OBRIGATORIAMENTE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS.**

**A TRAVÉS DO FORMULARIO NORMALIZADO DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRÓNICA DA**

**XUNTA DE GALICIA:** <https://sede.xunta.gal> Para a presentación de solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica de Galicia. A documentación complementaria presentarse vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

**TODOLOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS DEBEN SER REALIZADOS ELECTRÓNICAMENTE ACCEDENDO Á CARPETA CIADÁN DA PERSOA INTERESADA DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRONICA DA XUNTA DE GALICIA.**

**7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO**

**8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES**

**A.-PROXECTOS QUE TEÑAN POR FINALIDADE ACADAR A DINAMIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS A TRAVÉS DE**

**A) A CREACIÓN DE SINERXÍAS E OPORTUNIDADES DIXITAIS A TRAVÉS DO ASOCIACIONISMO, MEDIANTE A POSTA EN MARCHA DE MARKET PLACE OU OUTRAS INICIATIVAS DIXITAIS PARA A VENDA E PROMOCIÓN DE PRODUTOS DOS COMERCIOS ASOCIADOS E A MELLORA E MODERNIZACIÓN DA IMAXE DO CENTRO COMERCIAL ABERTO.**

**B) A POSTA EN MARCHA E MANTEMENTO DE SISTEMAS CENTRALIZADOS DE ENVÍO E ENTREGA A DOMICILIO DOS COMERCIOS ASOCIADOS**

**C) DINAMIZACIÓN COMERCIAL. CAMPAÑAS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E PUBLICIDADE DIRIXIDA A DINAMIZACIÓN DAS VENDAS E A FIDELIZACIÓN DOS CLIENTES.**

**TAMÉN SE CONSIDERAN SUBVENCIONABLES OS SERVIZOS EXTERNOS PARA A XESTIÓN DE CONTIDOS NAS REDES SOCIAIS OU DE COMMUNITY MANAGER E OUTRAS ACTUACIÓNS DE MARKÉTING DIXITAL ORIENTADAS A PROMOCIONAR AS VENDAS**

D) OS GASTOS IMPUTABLES ÁS UNIDADES XERENCIAIS QUE CUMPRAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE, E DERIVADOS DA FORMULACIÓN, EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DO PROXECTO OBXETO DE SUBVENCIÓN, ASÍ COMO DAS XESTIÓNS PARA A ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DE EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA OS COMERCIANTES E ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

**B-PROXECTOS QUE TEÑAN POR FINALIDADE ACADAR A DINAMIZACIÓN E REXENERACIÓN DAS PRAZAS DE ABASTOS A TRAVÉS DAS SEGUINTE ACTUACIÓNS:**

- A) A CREACIÓN DE SINERXIAS E OPORTUNIDADES DIXITAIS A TRAVÉS DO ASOCIACIONISMO, MEDIANTE A POSTA EN MARCHA DE MARKET PLACE OU OUTRAS INICIATIVAS DIXITAIS PARA A VENDA E PROMOCIÓN DE PRODUTOS DAS PRAZAS DE ABASTOS E MERCADOS
- B) A POSTA EN MARCHA E MANTEMENTO DE SISTEMAS CENTRALIZADOS DE ENVÍO E ENTREGA A DOMICILIO
- C) DINAMIZACIÓN COMERCIAL. CAMPAÑAS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E PUBLICIDADE DIRIXIDA Á DINAMIZACIÓN DAS VENDAS E A FIDELIZACIÓN DOS CLIENTES. ASIMISMO CONSIDÉRANSE SUBVENCIONABLES OS SERVIZOS EXTERNOS PARA A XESTIÓN DE CONTIDOS NAS REDES SOCIAIS OU DE COMMUNITY MANAGER E OUTRAS ACTUACIÓNS DE MÁRKETING DIXITAL ORIENTADAS A PROMOCIONAR AS VENDAS.
- D) OS GASTOS IMPUTABLES ÁS UNIDADES XERENCIAIS QUE CUMPRAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE DERIVADOS DA FORMULACIÓN, EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DO PROXECTO OBXETO DE SUBVENCIÓN
- E) INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO MERCADOS E PRACEIROS E PRACEIRAS, INCLUIDA A XESTIÓN CENTRALIZADA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA OS COMERCIANTES E ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS.

**APLICABLE AOS APARTADOS A) E B) ANTERIORES: CCAS E PRAZAS:**

**\*Con carácter xeral, considéranse gastos subvencionables** aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada. Os gastos **financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrals, periciais e os gastos de garantía bancaria** poderán ser **subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables** para a adecuada preparación ou execución desta.

Asimesmo, serán subvencionables os gastos orixinados pola unidade xerencial, incluídos os custos de persoal e funcionamento, toda vez que estas unidades resulten indispensables para a idonea preparación, avaliación e execución do proxecto subvencionable. Non obstante, o importe máximo da subvención destinada aos custos de persoal, non será superior a 15.000 euros, incluíndo o custo salarial do xerente e a seguridade social para o caso dos CCAS, e de 4.000 euros no caso das prazas de abastos.

Os gastos realizados deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de Xaneiro do 2020 e a data límite de xustificación: 30 de OUTUBRO do 2020, salvo no caso das actuacións que pola súa especial natureza teñan unha continuidade ininterrompida, que tamén se considerarán subvencionables as actuacións realizadas e pagadas entre o **1 de novembro do 2019 e o 31 de decembro do 2019**.

**EN NINGÚN CASO SE CONSIDERAN GASTOS SUBVENCIONABLES OS SEGUINTE:**

Impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda; os regalos promocionais, nin os custos relativos a axudas de custo, desprazamentos, nin a realización de cócteles e actos análogos; as campañas de dinamización, promoción ou calquera outra actuación que teñan exclusivamente por finalidade o patrocinio, colaboración ou axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica, deportivas ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen a participación directa dos establecementos comerciais asociados; as bolsas comerciais; os gastos de asesoría externa en contía superior a 2.500 euros de subvención; a edición de revistas, xornais ou mledios análogos.

**9. CONTÍA DAS AXUDAS**

**A.-AXUDAS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS.**

Os investimentos máximos subvencionables modularanse en 3 tramos tendo en conta a relación existente entre as cifras oficiais de poboación dos concellos onde radiquen os centros comerciais abertos e o número de comercios asociados a estes, segundo datos obtidos do padrón municipal de habitantes vixente, publicado polo Instituto Galego de Estatística

Para o cómputo de comercios, teranse en conta os salóns de peiteado.

Naqueles concellos nos que exista máis dun centro comercial aberto, a poboación será ponderada entre o número de centros comerciais abertos existentes.

So se terán en conta, para determinar o investimento máximo subvencionable correspondente a cada centro comercial aberto, aqueles comercios que acrediten a súa condición de asociados mediante a xustificación documental do aboamento de, polo menos, o 70% das cotas correspondentes ao ano 2019. A xustificación poderá ser substituída por unha declaración responsable nos termos e cos efectos do artigo 69 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común.

**O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE É O SEGUINTE:**

1.- **57.150 €** para os centros comerciais abertos situados en poboacións de máis de 14.000 habitantes que contén con máis de 100 comercios asociados, así como para os centros comerciais abertos situados en poboacións de menos de 14.000 habitantes que contén con máis de 80 comercios asociados.. **Subvención do 70% sobre o investimento subvencionable.**

2.- **44.000 €** para os centros comerciais abertos situados en poboacións de máis de 14.000 habitantes que contén con máis de 60 comercios asociados. **Subvención do 75% sobre o investimento subvencionable.**

3.- **27.800 €** para os centros comerciais abertos que non estean comprendidos en ningún dos supostos recollidos nas liñas anteriores. **Subvención do 80% sobre o investimento subvencionable.**

**B.-AXUDAS PRAZAS DE ABASTOS:** O investimento máximo subvencionable será de 14.000 € e a porcentaxe de subvención acadará o **70%** do investimento subvencionable

**10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**UN MES CONTADO A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DESTA ORDE NO DOG. ENTENDERASE QUE O PRAZO VENCE O DÍA CUXO ORDINAL COINCIDE CO QUE SERVIU DE PARTIDA. SE A DATA DE REMATE DO PRAZO DE SOLICITUDES É INHÁBIL, COMO NESTE CASO, XA QUE O 19 DE XULLO CAE EN DOMINGO, PRÓRROGASE ATA O PRIMEIRO DÍA HÁBIL SEGUINTE, ISTO É, O LUNS 20 DE XULLO DO 2020.**

**11. INCOMPATIBILIDADES**

O importe destas subvencións non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o **custo da actividade subvencionada**.



## 12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 5 DE XUÑO DE 2020-DOG 19 DE XUÑO DE 2020

## 13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO INSTRUCCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. PARA UNHA MAIOR INFORMACIÓN ESTÁN DISPOÑIBLES O SEGUINTE TELÉFONO: **981 54 45 30** ASÍ COMO O ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO: [cei.dxc.axudas@xunta.gal](mailto:cei.dxc.axudas@xunta.gal) e a páxina web: <http://ceei.xunta.gal/portada> NA SÚA EPÍGRAFE DE AXUDAS

## 14. OBSERVACIÓN

### DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN:

- FORMULARIO DE SOLICITUDE –ANEXO II-CODIGO PROCEDEMENTO CO300A
- ACTA E ESTATUTOS E MODIFICACIÓN POSTERIORES NO SEU CASO, E ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE.
- PODER SUFICIENTE DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- EXENCIÓN DE IVE NO SEU CASO.
- MEMORIA DAS ACTUACIÓN QUE INCLUIRÁ CANDO MENOS: descrición; obxectivos; localización; calendario de realización; e o número e características dos participantes e beneficiarios e, de ser o caso, plan de dinamización.
- COPIA DA ACTA DA SESIÓN NA QUE SE INFORMOU AOS ASOCIADOS DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA SUBVENCIÓN
- ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO SEGUNDO O ANEXO VI E FACTURAS ou FACTURAS PRO FORMA DAS ACTIVIDADES OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS, coa desagregación de conceptos e contías, ASÍ COMO PLAN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO. Cando o importe do gasto subvencionable supere 40.000 euros no suposto de execución de obra ou 15.000 no demais casos- o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes da contratación. Si non se escolle finalmente a oferta máis vantaxosa economicamente entre as presentadas, haberá que xustificalo cunha memoria económica segundo requisitos detallados na Orde.
- ORZAMENTO DO EXERCICIO CORRENTE DA ENTIDADE ASOCIATIVA
- ORZAMENTO LIQUIDADO POLA ENTIDADE NO ANO 2019

- CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE QUE ACREDITE O NÚMERO DE MEMBROS ASOCIADOS DADOS DE ALTA E NÚMERO DE COMERCIOS RETALLISTAS, ASÍ COMO RELACIÓN OU LISTADO DETALADOS DOS ASOCIADOS CON INCLUSIÓN DE: nome do titular e do establecemento, epígrafes do IAE en que figuran dados de alta, enderezo postal e telefónico, concretando si é o caso, as empresas que participan no proxectos e actuacións
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS COAS ABOADAS POLOS COMERCIOS ASOCIADOS NO ANO 2019 SEGUNDO O PREVISTO NO ARTIGO 2 (ANEXO VIII) DE SER O CASO
- FORMALIZACIÓN DO ANEXO IV, UNIDADES XERENCIAIS ACOMPAÑADO DA DOCUMENTACIÓN QUE NEL SE SINALA
- INFORME MESA LOCAL DE COMERCIO, (vale presentar a solicitude si non se convoca dita mesa antes de rematar o prazo de solicitude e adxuntalo despois)
- **A ADMINISTRACIÓN COMPROBARÁ DIRECTAMENTE SIN NECESIDADE DE PRESENTARSE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:** DNI PRESIDENTE; CIF ENTIDADE, ESTAR AO DÍA COAS OBRIGAS COA SEGURIDAD SOCIAL, XUNTA DE GALICIA E AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA; INHABILITACIÓNS PARA OBTENIR SUBVENCÍONS; CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS E AXUDAS; CONCESIÓNS POLA REGRA DE MÍNIMIS. Só no caso de denegar autorización para realizar as comprobacións oportunas, deberán presentarse estes documentos.

**NON SERÁ NECESARIO PRESENTAR DOCUMENTOS QUE XA FORON PRESENTADOS ANTERIORMENTE. PARA ESTES EFECTOS, A PERSOA INTERESADA DEBERÁ INDICAR EN QUE MOMENTO E ANTE QUE ÓRGANO ADMINISTRATIVO PRESENTOU OS CITADOS DOCUMENTOS.**

**----XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN: ATA O 30 DE OUTUBRO DE 2020, aportando a documentación relacionada no artigo 17 das bases, recordando que os pagos deben acreditarse A TRAVÉS DE TRANSFERENCIA BANCARIA, CERTIFICACIÓN BANCARIA OU EXTRACTO DE PAGAMENTO, quedando claramente identificados o emisor e receptor. **NON SE ADMITIRÁN PAGAMENTOS EN EFECTIVO** nin tampouco se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria**